


Atráctiva novela entre a aprendizaxe e o ensaio: «As vidas de Nito», de Xabier Paz. Crítica de Manuel Rodríguez Alonso

[Manuel Rodríguez Alonso](#) publicou no seu blog, [Bouvard e Pécuchet](#), unha [recensión crítica](#) sobre [As vidas de Nito](#), de [Xabier Paz](#).

Entre a novela aprendizaxe e a novela ensaio



Xabier Paz preséntanos agora unha novela de protagonista, Casiano, que, na ancianidade e desde unha residencia da terceira idade, lembra a súa vida, desde a nenez, desde cando era Nito e aínda non Casiano. Deste xeito, estamos perante unha novela de aprendizaxe pois asistimos ao proceso de formación de Nito desde a nenez ata a súa madurez, en que descobre desde o amor ata o activismo político. Mais, o Casiano vello mantén un feixe de conversas coa súa neta Aldara, en que tratan de todo o humano e divino, desde a Transición ás relacións de paternidade ou á función da literatura, de tal xeito que o relato entra no eido da chamada novela intelectual ou novela ensaio.

O autor parte da idea moi unamuniana de que non existe unha personalidade unitaria, senón que está vai variando ao longo da vida. Non son a mesma persoa o Nito neno ultracatólico, o Nito activista, o Nito desengañado tras a Transición ou o Nito ao bordo da morte na residencia da terceira idade. De aí o acertado do título, pois Nito, ou calquera de nós, non vive unha soa vida, senón varias, e en todos hai varias personalidades que van aparecendo co fluír do tempo.

A novela é tamén en certo xeito unha novela xeneracional sobre os nados entre 1945-1955. Son os rapaces educados no nacionalcatolicismo, mais que nos sesenta e primeiros setenta, ao chegaren á universidade, se politizan e chegan ao marxismo e ao galeguismo, como lle acontece ao propio Nito-Casiano. Paz retrata perfectamente o ambiente do nacionalcatolicismo onde se educa o Nito cativo, reproducindo aciadamente a linguaxe característica deste nacionalcatolicismo. Rompe así mesmo coa chamada Cultura da Transición ao presentarnos esta como unha traizón ás forzas verdadeiramente progresistas, aínda que non oculta o voluntarismo, utopismo e falta de contacto coa realidade dos mozos e mozas progresistas dos sesenta e mais dos setenta. O autor alude a este célebre desencanto dos oitenta, especialmente tras o triunfo de Felipe González, co expresivo nome de A Desfeita.

Se dicíamos que o propio Casiano consideraba que había varios Nitos, que se ían renovando ao longo da vida, para dar lugar a personalidades diferentes, tamén, polo perspectivismo do relato,

hai varios Nitos-Casianos, segundo quen sexa o que o mira. Nito vese a si mesmo como o idealista da política ou o namorado de África. O fillo, non obstante, veo como un egoísta que viviu á conta da familia ou que ata abandonou á súa primeira muller e o seu fillo pequeno. Aldara non sabe moi ben a quen crer e dálle un pouco a razón a todos, aínda que amosa cada vez máis compaixón polo avó ancián. Este perspectivismo é un dos méritos do relato.

Considero negativo nesta novela, malia admitir o seu carácter de novela intelectual ou ensaio, o peso excesivo das digresións sobre a socialdemocracia, a posibilidade do coñecemento obxectivo, a finalidade e función da literatura e tantas outras, así como a reprodución dalgunhas das fichas de curiosidades científicas que colecciona Casiano. Así mesmo casan mal na novela algunhas digresións, máis ou menos eruditas, como a dedicada a Papá Noel e outras similares, como pode ser a referida ao Entroido tradicional ourensán. Estas digresións, aínda que transcorren moitas veces no ámbito da conversa ideolóxica avó Casiano-neta Aldara, fan que o lector canse e dan a sensación de ser un elemento postizo, coma se o autor as tivese escritas e as metese na novela para que non queden sen publicar.

Mais o balance xeral para a novela resulta positivo, pois son acertos indubidables a presentación do proceso de aprendizaxe de Nito, que vai do nacionalcatolicismo á militancia de esquerdas e idealista dos sesenta-setenta ou ao desencanto dos oitenta, que o protagonista denomina co expresivo nome de A Desfeita. Malia que resulten por veces pesados ou que non casen ben no relato, moitas das súas reflexións sobre a morte, a literatura ou incluso o proceso de envellecemento e deteriorización que sofre o protagonista teñen así mesmo un mérito e valor innegables para o lector. Non menos interesante resulta a presentación da personalidade en continua evolución e cambio, de tal xeito que non hai un só Nito-Casiano, senón varios, tanto por esta propia evolución, como pola opinión dos demais. Xa que logo, resulta moi acaída esta combinación entre novela de aprendizaxe e novela intelectual, sen esquecer de ningún xeito o seu carácter xeneracional, como indicamos enriba.

En canto á lingua, saliento sobre todo a aclimatación que o autor realiza do léxico propio das ciencias naturais, especialmente da bioloxía, ao rexistro culto e literario. Cómpre, como fai nesta novela Xabier Paz, que o léxico característico das ciencias naturais penetre xa non só no rexistro culto do galego, senón tamén no literario. Por outra banda, ao longo das máis de trescentas páxinas desta novela, o autor mantén un galego de calidade, con logros importantes como a reprodución, xa aludida, do rexistro do nacionalcatolicismo ou mesmo do progresismo dos anos sesenta-setenta, mais iso non quita para que aparezan algúns erros, que salientamos, máis por espallar o estándar académico ca por afán de policía da lingua. (...)

Volvendo ao rego, estamos perante unha novela á que lle poden sobrar algunhas digresións, mais que co seu devalar entre a narración de aprendizaxe, a intelectual e mesmo a xeneracional resulta moi atractiva. A interpretación que realiza da personalidade, da Transición, da xeración dos nados na década dos cincuenta ou da anciandade resultan así mesmo moi atractivas. Cómpre ás veces facer un esforzo para a lela, mais este esforzo paga ben a pena.

[Manuel Rodríguez Alonso](#)